

## ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **8 de agosto de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP; Don Angel Trabada
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

### **1.- Aprobación e sinatura da acta correspondente ó día 1 de agosto de 2014.**

### **2.- Propostas para ditame e valoración:**

#### **- De Protección da Comunidade**

- Para o suministro de vestiario para o persoal das brigadas de incendios forestais, por importe de 5.154,12 euros, adxudicado á **PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.**
- Para suministro de vestiario para persoal das brigadas do persoal contratado por este Concello para a prevención e extinción de incendios forestais municipal, por importe de 5.154,12 euros, adxudicado á **PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.**
- Para suministro de ferramentas manuais forestais e desbrozadoras mecánicas manuais, para persoal laboral a contratar por este Concello, por importe de 3.891,23 euros, adxudicado as ferramentas manuais á **FERRETERÍA ELÍAS** e as desbrozadoras mecánicas á **COMERCIAL MIGUEL AGRÍCOLA.**
- Para arrendamento do vehículo todo terreo para a súa utilización pola Brigada de Incendios Forestais, por importe de 2.994,75 euros, adxudicado á **LEASEPLAN SERVICIOS, S.A.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

#### **- De Benestar Social e Igualdade**

- Para artigos téxtiles e menaxe, por importe de 1.179,15 euros, adxudicado á **MONDELO HOSTELERÍA.**

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 8-08-2014.doc

Asunto:

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Educación

- Para obras varias nos CEIPs Anexa, As Mercedes, Fingoi II, Paradai, Manuel Mallo Mallo (Nadela) e Quiroga Ballesteros, por importe de 17.448,89 euros, adxudicado á **MURALLA DE REHABILITACIONES, S.L.U.**
- Para obras varias nos CEIPs de A Ponte, Albeiros, Casás, Luis Pimentel (Piringalla), Sagrado Corazón e Virxe da Soidade (Gándaras), por importe de 17.496,60 euros, adxudicado á **PORTOSAR GALICIA, S.L.U.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

### - De Infraestructuras e Obras

- Para bionda na Ponte sobre o río Fervedoira, na estrada de acceso á urbanización "Chalets de Castro Gil", por importe de 5.868,50 euros, adxudicado á **PORTOSAR GALICIA, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Servizos Xerais (cemiterio)

- Para muro e cuberta de nichos na rúa 9 (fachada Sur) do cemiterio de San Froilán, por importe de 48.074,75 euros, adxudicado á **OBRAS Y SERVICIOS LUGO.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Cultura

- Para a realización dun concerto polo XIV Aniversario da declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade a cargo do grupo Lucus Ensemble, por importe de 1.500 euros, adxudicado á **LUCUS ENSEMBLE.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Muller

- Para premios no V Certame de Narrativa: "Entre Iguais" e do V Certame de fotografía "Revelando o machismo", Premio do Concurso de Deseño Gráfico: "Violencia de xénero", gastos de impresión de dípticos e carteis

certame deseño gráfico e gastos de pegada de carteis e reparto de dípticos dos tres certames, por importe de 3.047,46 euros, adxudicado á **ENTRE IGUAIS, REVELANDO O MACHISMO, PRELO e BUZONEOS DEL NORTE.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Urbanismo

- Para revisión e labouras de limpeza e mantemento nas ventás arqueolóxicas de Santa María e do Acueducto de San Marcos e máis da Rúa Nova, por importe de 3.993,00 euros, adxudicado á **ANDREA FERNÁNDEZ CAMPOY.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Desenvolvemento Local (Espazo Lab)

- Para contratación dos seguros dos cursos: “Operación auxiliares de montaxe de redes eléctricas” e “Operacións básicas de restaurante e bar”, de accidentes e responsabilidade civil para ámbolos dous, por importe de 568,46 euros, adxudicado á **METRÓPOLIS SEGUROS.**
- Para a contratación dos seguros dos cursos: “Coidador de persoas dependentes e enfermas de alzheimer” e “atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio”, de accidentes e responsabilidade civil, para ámbolos cursos, por importe de 568,46 euros, adxudicado á **METRÓPOLIS SEGUROS.**
- Asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondentes ao obradoiro de formación transversal de fomento do coidado e respecto ao medioambiente da acción formativa “Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas” do proxecto Lugo Emprego Activo 2, por importe de 200 euros, adxudicado á **LUCÍA FERNÁNDEZ PEINO.**
- Asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondentes ao obradoiro de formación transversal de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da acción formativa “Operacións auxiliares de montaxe das redes eléctricas” do proxecto Lugo Emprego Activo, por importe de 200 euros, adxudicado á **JULIA GARCÍA PENA.**
- Asistencia técnica de impartición de 8 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Fomento da non discriminación e loita contra a exclusión social da acción formativa: “Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas” do proxecto Lugo Emprego Activo 2, por importe de 200 euros, adxudicado á **MARÍA DEL MAR EXPÓSITO FAUSTE.**

## **CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cbg

Refª: acta 8-08-2014.doc

Asunto:

- Asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondentes ao obradoiro de formación transversal hábitos laborais da acción formativa “Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, adxudicado á **LIDIA ENRICH GONZÁLEZ**.
- Para Asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Habilidades Sociais da acción formativa “Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas”, do proxecto Lugo Emprego Activo, por importe de 375 euros, adxudicado á **FABIOLA FERNÁNDEZ REDONDO**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

### **3.- Facturas para ditame**

**Fóra da orde do día, ditamináronse favorablemente:**

#### **- De Cultura**

- Para a produción de son, co motivo da conmemoración da morte de Agosto 2014, por importe de 961,95 euros, adxudicado á **ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do BNG.

#### **- De Prensa**

- Para publicidade desplegable en LA VOZ DE GALICIA, S.A., por importe de 1.210 euros, adxudicado á **LA VOZ DE GALICIA**.

### **4.- Rogos e preguntas**

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.